

SOLUCIÓN ACTIVIDADES DO 30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL

1. En que se diferencia unha mestura homóxena dunha heteroxénea?

Nunha mestura homóxena non podemos distinguir a simple vista os componentes, e nunha mestura heteroxénea si

2. Que tipo de mestura é unha aliaxe? Nomea 4 substancias puras que o forman

Unha aliaxe é unha mestura homoxénea sólida formada pola fusión de dous ou máis metais. Unha aliaxe pode estar formado por carbono, ferro, silicio, azufre e osíxeno (aceiro). Cobre e zinc (latón). Cobre e estaño (bronze)...

3. Se mesturas auga e vinagre, que mestura se forma? E se mesturas auga e aceite?

A mestura de auga e vinagre é homoxénea. A de auga e aceite heteroxénea, porque podemos distinguir os componentes.

4. Define material natural. Pon 2 exemplos de materiais naturais que teñas na túa casa.

Un material natural é o que procede directamente da natureza. Son metais naturais moitos alimentos, a madeira, o algodón, a seda...

5. Que é o algodón e que parte desta planta aproveitamos para facer tecidos

O algodón é unha planta herbácea. As fibras obtéñense dos froitos cando estes se abren, arredor das sementes aparecen unha fibras compostas de celulosa, enroladas unha a outras, que unha vez fiadas forman fibras resistentes e suaves.

6. Define material artificial. Escribe dous exemplos de materiais artificiais presentes na túa casa.

Un material artificial é o fabricado polos seres humanos a partir dunha serie de transformación, e que non existe de modo espontáneo na natureza. Como un plástico, unha goma de borrar, o papel...

7. Di que materiais naturais se empregan para fabricar unha mesa, un cinto, unha camiseta, unha chave, unha venta e un libro

Unha mesa: a madeira, o ferro, o mármore....

Un cinto: o coiro ou pel de animal

Unha camiseta: algodón ou liño

Unha venta: o ferro ou o aluminio

Un libro: a celulosa da madeira o restos de vexetais para formar papel.

8. Que é o aceiro? Nomea algúns obxectos que estean feitos de aceiro e que utilices na túa casa

O aceiro é unha mestura de ferro e de pequenas cantidades de carbono. Algúns recipientes que se colocan ao lume, algún cóitelos, tesoiras, cortaúñas, cravos, ferramentas...